



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CURTIS

Desafectación de dominio público

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 12 de xuño de 2026, acordou aprobar inicialmente a desafectación dunha superficie de 125 m², parte do camiño público denominado Os Campos (con referencia catastral 15032A007090090000DQ), concretamente a parte que transcorre entre as parcelas catastrais 15032001200600NH77H0001IF e 15032001201000NH77H0001JF.

De conformidade co artigo 8.2 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese este acordo a información pública polo prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Curtis, 12 de xuño de 2026.

O alcalde

Asdo.- Javier Fco. Caínzos Vázquez.

2026/4045